



## Sesión ordinaria número 3 celebrada polo Pleno do Concello o día 25 de febreiro de 2016

### ORDE DO DÍA

- 1 Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria núm. 2/2016 do 28/01/2016
- 2 Dar conta dos expedientes de modificación de crédito 01/2016 tc 01/16, 02/2016 gc 01/16 e 03/16 tc 02/16
- 3 Recoñecemento extraxudicial de crédito por importe de 18.137,91 €
- 4 Denominación do novo pavillón municipal de deportes de Redondela
- 5 Incorporación de dous novos bens ao Inventario Municipal de Bens do Concello de Redondela
- 6 Prórroga contrato dos servizos de telecomunicacións (telefonía fixa, móbil e wifi centros sociais) no Concello de Redondela
- 7 Revisión prezos do contrato de Xestión do servizo de prerrecollida, recollida domiciliaria universal dos residuos sólidos urbanos e o seu transporte
- 8 Aprobación inicial da Ordenanza de Prevención de situacións de exclusión social do Concello de Redondela
- 9 Manifesto do Consello da Muller polo día 8 de marzo
- 10 Proposta de acordo en favor da defensa dun ferrocarril público
- 11 Actividades de control do pleno
  - 11.1 Dar conta das resolucións de alcaldía
  - 11.2 Solicitudes de comparecencia
  - 11.3 Mocións
    - 11.3.1 Moción do PP sobre seguridade na estrada da Teixeira
    - 11.3.2 Moción de AER sobre o programa municipal de conciliación
    - 11.3.3 Moción do BNG sobre o cumprimento da Carta das Linguas Minorizadas
  - 11.4 Rogos e preguntas



No Multiusos da Xunqueira, habilitado como salón de sesións por resolución da alcaldía de data 22/02/2016, e sendo as vinte horas do 25 de febreiro de 2016 coa presidencia do alcalde, Javier Bas Corugeira, e a asistencia dos/as concelleiros/as: Miguel Ángel Álvarez Ballesteros, María Teresa París Blanco, Jesús Crespo López, María José Barciela Barros, Arturo González Barbeiro, María del Carmen Amoedo Dasilva, Julio César Mougán Vázquez, Francisco Javier Alonso González, Ana Isabel Rey Gómez, Eduardo José Reguera Ocampo, Digna Rosa Rivas Gómez, Leonardo Cabaleiro Couñago, Mauro Álvarez Castro, Leticia González Guisande, , José Bernardo Crespo Abal, Beatriz Laíño Ferreira, Jorge Varela Couñago e Xoán Carlos González Campo.

Tamén asistiu o interventor do Concello, Angel Santamariña Rivera , actuando como secretaria , a secretaria xeral da corporación Ana Begoña Merino Gil .

Excusa a súa asistencia a concelleira Quintáns Costoya.

O concelleiro Figueroa Rodríguez incorporase á sesión antes da votación da moción 3.2)

Constitúese validamente o Pleno do Concello, en sesión ordinaria, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día.

#### INCIDENCIAS:

Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero e violencia contra a infancia.

O alcalde decide realizar un descanso entre ás 21,50 e as 22,05

#### **1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria núm. 2/2016 do 28/01/2016 2**

Dáse conta do borrador da sesión ordinaria número 2/2016 do 28/01/2016 que é aprobada por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes nos seus propios termos.

#### **2. Dar conta dos expedientes de modificación de crédito 01/2016 tc 01/16, 02/2016 gc 01/16 e 03/16 tc 02/16**

Dáse conta dos expedientes de modificación de crédito seguintes:

1. Expediente de modificación de créditos MC 01-16 tc 01-16 por un importe total de 15.002,79 € aprobado por resolución da alcaldía de data 04/02/2016.



2. Expediente de modificación de créditos MC 02-16 gc 01-16 por un importe de 33.379,45 €, aprobado por resolución da alcaldía de data 09/02/2016.
3. Expediente de modificación de créditos MC 03-16 tc 02-16 por un importe total de 6.972,70 €, aprobado por resolución da alcaldía de data 12/02/2016.

O pleno do Concello queda informado.

### **3. Recoñecemento extraxudicial de crédito por importe de 18.137,91 €**

#### **ANTECEDENTES**

Ditame da comisión informativa de economía, facenda e desenvolvemento local da súa sesión do día 19/02/2016 que di:

“Vista a Proposta da Presidencia , de data 17 de febreiro de 2016, que transcrita di:

Vistos os diversos gastos do Concello de Redondela que non figuran na contabilidade municipal ao corresponder a gastos pendentes do seu recoñecemento xudicial ou extraxudicial.

A intervención municipal emitiu o preceptivo informe de carácter negativo de data 17 de febreiro de 2016, así como certificación de existencia de crédito.

A súa vez prevese que a aprobación, se procede, deste recoñecemento extraxudicial non vai supor limitación na execución dos gastos a impartir este ano.

Coa finalidade de non causar quebrantos económicos a terceiros, evitar enriquecementos inxustos para o Concello de Redondela, e poder contabilizar e posteriormente pagar diversos gastos.

Vendo que tal como establece o informe do Interventor que gastos correspondentes a anos anteriores foran facturados neste ano foi como consecuencia do retraso na facturación ou na entrega da documentación dos terceiros.

Esta Alcaldía proponlle ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Proceder ao levantamento do reparo do informe da intervención baseado en que procedese a aprobar gastos esixibles ao Concello.

Segundo.- Recoñecer extraxudicialmente gastos por importe total de 18.137,91 euros, distribuídos do seguinte xeito, e imputando os gastos ás partidas que se indican do orzamento do Concello de Redondela para o ano 2016:\*Proposta da Alcaldía

Vistos os diversos gastos do Concello de Redondela que non figuran na contabilidade municipal ao corresponder a gastos pendentes do seu recoñecemento xudicial ou extraxudicial.

A intervención municipal emitiu o preceptivo informe de carácter negativo de data 17 de febreiro de 2016, así como certificación de existencia de crédito.



A súa vez prevese que a aprobación, se procede, deste recoñecemento extraxudicial non vai supor limitación na execución dos gastos a impartir este ano.

Coa finalidade de non causar quebrantos económicos a terceiros, evitar enriquecementos inxustos para o Concello de Redondela, e poder contabilizar e posteriormente pagar diversos gastos.

Vendo que tal como establece o informe do Interventor que gastos correspondentes a anos anteriores foran facturados neste ano foi como consecuencia do retraso na facturación ou na entrega da documentación dos terceiros.

Esta Alcaldía proponlle ao Concello Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Proceder ao levantamento do reparo do informe da intervención baseado en que procedese a aprobar gastos esixibles ao Concello.

Segundo.- Recoñecer extraxudicialmente gastos por importe total de 18.137,91 euros, distribuídos do seguinte xeito, e imputando os gastos ás partidas que se indican do orzamento do Concello de Redondela para o ano 2016:

Terceiro	Data da factura	Nº de factura	Euros	Aplicación
Baygar, S.L...	31/10/15	207914	726	2411A20300
Baygar, S.L...	31/10/15	1527426	447,59	3341A20800
Baygar, S.L...	31/10/15	7425	151,25	2411A20300
Baygar, S.L.	30/11/15	8245	181,50	2411A20300
Mecarcon, S.L.U.	27/01/16	A00124-16	20,57	2411A22199
Mecarcon, S.L.U.	27/01/16	A00123-16	183,34	2411A22199
Mecarcon, S.L.U	27/01/16	A00122-16	310,37	2411A22199
Mecarcon, S.L.U.	27/01/16	A00121-16	4604,86	2411A22199
María Eugenia Muñoz Fernández	26/10/15	2015/11_RO	37,5	3321B22608
Justo Otero e hijos. S.L.	15/09/15	F15/002175	321,73	2411A22199
Justo Otero e hijos. S.L	15/09/15	F15/002176	463,16	2411A22199
Justo Otero e hijos. S.L.	15/09/15	F15/002177	262,47	2411A22199
Gas Natural Servicios SDG; S.A	12/08/14	FE14321153 635089	759,41	1651A22100

---

### Concello de Redondela



Faro de Vigo S.A.U	31/12/14	0004708	193,6	1511A22602
Alconte Vigo, S.L.	30/11/15	1364	495	2411A20300
Alconte Vigo, S.L.	30/10/15	1256	132	2411A20300
Alconte Vigo, S.L.	30/09/15	1106	132	2411A20300
Alconte Vigo, S.L	30/10/15	1255	704	2411A20300
Fundación laboral De la construcción	15/09/15	FOR/002040/ 2015	2450	2411A22727
Formagal, Foramción Y Servicios, S.L.	21/10/15	62/15	280	2411A22727
Documentación e imagen Del Noroeste, S.L	29/10/15	521746	290,61	2411A21300
Documentación e imagen Del Noroeste, S.L..	29/10/15	521750	84,7	2411A20300
Documentación e imagen Del Noroeste, S.L..	29/09/15	519426	70,2	2411A21300
Suministros JJ Galicia, S.C.P	21/10/15	A/1208	242,00	2411A22199
ESTELA Ioxística e proxectos, s.l	08/02/16	1106	4.65,60	1722A22706
José Amoedo Álvarez	27/01/16	024/16	223,85	2311D22602
Grupo Rivera Galicia, S.L.	30/04/15	10605	62,58	1331A22710
Suministros JJ Galicia, S.C.P.	21/10/15	A/1209	242	2411A22199*

#### VOTACIÓN E ACORDO

Sometido a votación o recoñecemento extraxudicial de crédito segundo o detalle contido na proposta, apróbase por unanimidade dos/as concelleiros/as asistentes, sendo dezaonove votos a favor (9 do PP, 6 do PsdeG-PSOE, 3 de AER e 1 do BNG).

#### **4. Denominación do novo pavillón municipal de deportes de Redondela**

##### ANTECEDENTES

Ditame da Comisión Informativa de Deportes da súa sesión do 22/02/2016 que textualmente di:

---

#### **Concello de Redondela**



“Examinada a proposta do presidente da Comisión informativa de deportes, que di:

“O pavillón novo de deportes de Redondela recepcionouse o 16.03.2015, o 29.05.2015 realizouse unha recepción complementaria e tendo en conta que o Pleno deste Concello aprobou a incorporación desta instalación no Inventario Municipal na sesión celebrada o 28.01.2016; é necesario denominar este pavillón co obxecto de identificalo e diferencialo do outro pavillón de deportes de Redondela.

Por estar ubicado na zona da Marisma e sendo xa este nome o que constou no expediente para a construción deste pavillón; o máis axeitado e coherente é donominalo “Pavillón Municipal de Deportes A Marisma”.

En virtude do exposto e de acordo co artigo 13 do Regulamento de honores e distincións do Concello de Redondela, que sinala “Os acordos para a denominación de espazos ou edificios públicos, para a colocación de estatuas e monumentos e para a celebración de actos de homenaxe promovidos polo concello, adoptaranse trala tramitación do expediente establecido no capítulo VII do presente regulamento e despois de oír a Comisión Informativa que corresponda”.

Como concelleiro delegado de deportes, segundo a delegación da alcaldía atribuída con efectos do 10.08.2015, publicada no BOP nº 162 do 24.08.2015 PROPOÑO á Comisión Informativa que ditamine favorablemente para a posterior aprobación polo Pleno do seguinte acordo:

Que se denomine o pavillón novo de Redondela: “Pavillón Municipal A Marisma”.

Votación e ditame: A Comisión Informativa de Deportes, en votación ordinaria e por maioría dos señores asistentes, acorda informar favorablemente a proposta transcrita, cos votos favorables dos Sres. MOUGÁN VÁZQUEZ e GONZÁLEZ BARBEIRO, do grupo municipal do PP, REY GÓMEZ, do grupo municipal do PsdeG-PSOE; e VARELA COUÑAGO do grupo municipal AER.”

#### INTERVENCIÓNS

O concelleiro CRESPO ABAL di que non están en contra aínda que preferían a denominación “Pexegueiro” por considerala máis axeitada.

A concelleira GONZÁLEZ GUISANDE di que están a favor.

#### VOTACIÓN E ACORDO

A proposta para a denominación do novo pavillón de deportes como “Pavillón Municipal A Marisma” sométese a votación, resultando aprobada por unanimidade dos/as concelleiros/as asistentes, sendo dezanove votos a favor (9 do PP, 6 do PsdeG-PSOE, 3 de AER e 1 do BNG).

I

### **5. Incorporación de dous novos bens ao Inventario Municipal de Bens do Concello de Redondela**

#### ANTECEDENTES



Ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas e Patrimonio da súa xuntanza do día 22 de febreiro de 2016

“Pola presidencia dase conta da proposta da Alcaldía de 19.02.2016 do seguinte tenor:

Á vista do acordo adoptado polo pleno do Concello o 28.01.2016 en relación á aprobación definitiva da rectificación/actualización do IMB do Concello de Redondela, traballos realizados pola empresa Laya Gestión y Servicios SL, optouse por incluír, aparte das necesarias rectificacións por erros sobre os traballos realizados, todos os bens adquiridos polo Concello con posterioridade á data inicialmente prevista para a actualización, que coincidía coa toma de posesión da nova corporación municipal.

Nembargantes e unha vez examinado o expediente detectouse que resulta preciso engadir outros bens que foron involuntariamente omitidos no citado acordo:

1. Finca en Chapela, adquirida por cesión da entidade AUTOPISTAS DEL ATLÁNTICO CONCESIONARIA ESPAÑOLA, SA UNIPERSONAL en cumprimento do acordo adoptado polo pleno do Concello o 31.03.2015 e en virtude do cal foi asinada a correspondente escritura en A Coruña, o 28 de outubro de 2015, diante do notario ISIDORO ANTONIO CALVO VIDAL, co número 790 do seu protocolo.

2. Parcela no Salgueiral, axardinada e delimitada polos paramentos das edificacións existentes existentes, por muros de peches e pola balaustrada do río Maceiras. Dito espazo, consonte co informado pola arquitecta técnica do Concello, conta con mobiliario urbán (farolas, papeleiras, bancos) e vense mantendo por personal do Concello dende fai anos. O terreno se accede libremente puidendo ser disfrutado por calqueira persoa, non contando con portal ou peche algún. Está comunicado ca Praza de Ponteareas mediante unhas escaleiras de formigón e ca Rúa Salgueiral a través de varias pontes sobre o río Maceiras. Conta cunha superficie aproximada de 780m<sup>2</sup>, sendo os seus lindes:

-vento norte: terreno municipal, vento sur: Praza de Ponteareas,

-vento leste: Comunidade de propietarios de edificio sito na Praza de Ponteareas 11, Terreno municipal (casa 4265), Comunidade de propietarios de edificio sito en Padre Crespo 92-94, D. Casimero Remundo Suárez,

-vento oeste: Río Maceiras.

Segundo as Normas subsidiarias de planeamento de ámbito municipal de Redondela publicadas no B.O.P. nº 85, de 14 de abril de 1988 (en diante NN.SS.), o devandito espazo está clasificado como zona verde de uso público e xardíns prevéndose nel zonas de comunicación (vías).

Xa que logo, teño a ben propor que polo pleno do Concello, previo ditame da comisión informativa correspondente, se engadan ao Inventario Municipal de Bens do Concello os devanditos bens, xunto coa súa descrición precisa a efectos de dita inclusión e a fin de que se incorporen ao documento actualizado ao 31 de decembro.

Votación e ditame: A comisión informativa de urbanismo, infraestruturas e patrimonio en votación ordinaria e por maioría dos seus membros, de acordo coa porcentaxe de participación correspondente no voto ponderado, sendo 2 votos a favor (2 do P.P.) e 2



abstencións (1 do PSOE e 1 de AER), estimou oportuno ditaminar favorablemente a precedente proposta.

### VOTACIÓN E ACORDO

A proposta de incorporar ao inventario municipal os bens detallados na proposta anteriormente transcrita sométese a votación, quedando aprobada por unanimidade dos/as concelleiros/as asistentes, sendo dezanove votos a favor (9 do PP, 6 do PsdeG-PSOE, 3 de AER e 1 do BNG).

### **6. Prórroga contrato dos servizos de telecomunicacións (telefonía fixa, móbil e wifi centros sociais) no Concello de Redondela**

#### ANTECEDENTES

Ditame da Comisión Informativa de Interior da súa sesión de data 19/02/2016 que se transcribe a continuación:

“Vista a Proposta da Presidencia da Comisión, que transcrita dí:

“Con data do 7 de febreiro do 2013 formalizouse o contrato administrativo dos Servizos de telecomunicacións (telefonía fixa, móbil e wifi centros sociais) no Concello de Redondela coa empresa R Cable y Telecomunicaciones de Galicia, SA.

A prestación do servizo, segundo o disposto no propio contrato e tendo en conta a data na que este se asinou e o establecido no Prego de cláusulas administrativas que rexen a contratación, comenzou o 1 de marzo de 2013.

Vista a cláusula terceira do contrato na que se establece que o prazo de vixencia do contrato será de tres (3) anos contado a partir da acta de inicio de prestación do servizo, sendo prorrogable, por mutuo acordo entre as partes, por outro período de tres (3) anos ata un máximo de seis (6) anos.

Con data do 1 de febreiro de 2016 tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello de Redondela, co núm. 1167, un escrito da empresa R Cable y Telecomunicaciones de Galicia, SA no que solicita, segundo o establecido na cláusula 3ª, a prórroga por un período de tres anos do contrato do Servizos de telecomunicacións (telefonía fixa, móbil e wifi centros sociais) no Concello de Redondela.

Lido o informe favorable á prórroga do contrato, emitido pola coordinadora municipal de Novas Tecnoloxías, dona Olalla Casanova Fernández, e a enxeñeira de telecomunicacións da empresa contratada polo Concello para realizar as tarefas consultoría e asesoramento en materia de telecomunicacións e TICs (Eventyam Ingenieros, SL), ao considerar que o funcionamento do servizo está conforme no seu desenvolvemento cos Pregos Técnicos e co ofertado polo operador durante a primeira fase contratada e que o aforro plantexado e conseguido ( $\approx 34\%$ ) para o Concello mantense estable, soportando a variación no incremento do uso dos servizos polos usuarios do Concello, especialmente no caso das liñas dos terminais móbiles (voz e datos).





Xa que logo, esta Concellería PROPÓN ao Pleno do Concello, previo ditame da Comisión Informativa, a adopción do seguinte ACORDO:

Único.- Prorrogar o contrato dos Servizos de telecomunicacións (telefonía fixa, móbil e wifi centros sociais) no Concello de Redondela, asinado o 7 de febreiro de 2013 con R Cable y Telecomunicaciones de Galicia, SA, polo prazo de tres (3) anos e con efectos dende o 1 de marzo de 2016.”

Votación e ditame: A Comisión Informativa de Interior en votación ordinaria e por maioría dos seus membros, en virtude do acordo plenario de data 30.06.2015, respecto da porcentaxe de participación correspondente no voto ponderado, votando a favor o Grupo Municipal do P.P (43%), o voto en contra do concelleiro do Grupo Municipal do B.N.G. (5%),e a abstención dos Grupos Municipais do PSdeG-PSOE (28%), do Grupo Municipal de A.E.R. (19%) e mailo da concelleira non adscrita Raquel Quintáns Costoya (5%), ditaminou favorablemente a Proposta da Presidencia anteriormente transcrita.”

### INTERVENCIÓNS

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que cando se aprobou a contratación desta empresa o BNG fixo varias aportacións pero agora consideran que eses tres anos de prórroga resultan excesivos. Sinala que hai queixas sobre o funcionamento da wifi nalgún centro cultural. Aínda así vai apoiar a proposta.

O concelleiro CRESPO ABAL di que non están de acordo coa prórroga xa que debería ir a concurso para tratar de abaratar costes.

O concelleiro ÁLVAREZ CASTRO di que é criticable que se faga a prórroga cando podería volver a sacarse a licitación e seguro que se conseguiría nunha rebaixa ao mellor dentro un 15 ou un 24 % e, aparte do prezo mellor servizo xa que as condicións tecnolóxicas non son as mesmas que no ano 2012 e hai moitísimas máis posibilidades de mellora.

O concelleiro GONZÁLEZ BARBEIRO di que fixeron unha sondaxe en relación ao que di o concelleiro socialista e comprobaron que efectivamente R mellorou o servizo e a empresa ten unha das mellores infraestructuras de cable dentro do Concello polo que tamén hai que valorar a relación prezo-calidade.

O concelleiro ÁLVAREZ CASTRO di que o contrato vai ao ano 2019 e en tres anos pode haber un salto tecnolóxico importante polo que non poden estar de acordo con dita prórroga.

### VOTACIÓN E ACORDO

O pleno de Concello, en votación ordinaria, aproba a a prórroga por un período de tres anos do contrato do Servizo de telecomunicacións (telefonía fixa, móbil e wifi centros sociais) no Concello de Redondela coa empresa R Cable y Telecomunicaciones de Galicia, SA., sendo dez votos a favor (9 do PP e 1 do BNG), seis votos en contra (6 do PSdeG-PSOE) e tres abstencións (3 de AER).

## **7. Revisión prezos do contrato de Xestión do servizo de prerrecollida, recollida**

---

**Concello de Redondela**

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



## **domiciliaria universal dos residuos sólidos urbanos e o seu transporte**

### **ANTECEDENTES**

Ditame da Comisión informativa de Economía, Facenda e Desenvolvemento Local da súa sesión de 19/02/2016 que se transcribe a continuación:

“Vista a Proposta da Presidencia , de data 17 de febreiro de 2016, que transcrita di:

Con data de 13 de abril de 2007 formalizouse contrato coa empresa URBASER, para a prestación do servizo de prerrecollida, recollida domiciliaria universal dos residuos sólidos urbanos e o seu transporte, de conformidade coas disposicións contidas no prego de cláusulas administrativas que serviron de base ao concurso convocado para a devandita contratación.

A empresa adxudicataria solicitou a revisión do precio de acordo co estipulado no prego de cláusulas administrativas.

Fiscalizouse pola Intervención en informe de data 17 de febreiro de 2016.

A presidencia propón a esta Comisión Informativa de Economía e Facenda:

PRIMEIRO.- Acceder ao incremento solicitado para o contrato de prerrecollida, recollida domiciliaria universal dos residuos sólidos urbanos e o seu transporte autorizando un novo prezo mensual de 87.807,06 €.”

Votacións e dictame.- A comisión informativa de Economía e Facenda, en votación ordinaria, e cos votos a favor do PP , e as abstencións do PSdeG-PSOE e a Concelleira non adscrita, e cos votos en contra da AER e do BNG estimaron oportuno dictaminar favorablemente a proposta.”

### **INTERVENCIONS**

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que nesta suba dos prezos por parte da empresa hai pouco que facer porque é un tema que está pechado, pero considera que o equipo de goberno ten que facer un seguemento das condicións do contrato e do servizo que se presta á cidadanía. Pensa que están a facer unha dexación de funcións porque non se limpan os contedores e non se cumpren as condicións da contratación. Piden que haxa máis celo nese seguemento.

O concelleiro CRESPO ABAL di que van votar en contra aínda que teñan dereito legalmente á suba. Sinala que non ven recollida no orzamento do 2016 e que hai queixas en relación ao servizo pero non se convoca a comisión de servizos privatizados. Piden que quede sobre a mesa para estudia-lo informe económico financeiro senón votarán en contra. Indica que hai temas como o da recollida das algas que debería estudar dita comisión así como o feito de que as taxas cubran so o 50% dos custes.

O concelleiro CABALEIRO COUÑAGO di que os contratos hai que cumprilos e se non se fai así pode xerar custes para o Concello. Insiste tamén na necesidade de convocar a comisión de servizos privatizados para estudar moitos aspectos en relación á prestación do servizo. Considera que hai unha mala xestión por parte do goberno. Pregunta se pode quedar sobre a mesa a fin de renegociar despois.



O alcalde indica que o contrato é de 2007, antes de que eles chegaran ao goberno do Concello, e pensa que non hai posibilidades de renegociación.

O concelleiro ÁLVAREZ BALLESTEROS di que a comisión de servizos privatizados debe reunirse cada seis meses e cando gobernaban eles non a convocaron nin unha soa vez en oito anos. Indica que o contrato é do 2007 e para vinte anos e que asinaron as condicións de limpeza dos contenedores unha vez ao mes no inverno e dúas veces no verán.

O alcalde di que debe convocarse a comisión próximamente para tratar algúns temas pero manteñen o punto porque hai que cumprir o contrato.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que está de acordo en que a empresa ten dereito pero insiste en que non hai control das empresas que prestan os servizos privatizados e ás que debe esixirse o cumprimento do contrato.

O concelleiro CRESPO ABAL di que a comisión non se convocaba pero foi AER quen a pediu pero agora hai catro convocatorias que non se fixo. Propón que se busquen empresas para levar as algas, parécelle lóxico que a comisión estude o tema. Insiste en que non hai control.

O concelleiro CABALEIRO COUÑAGO di que non lles satisface pero vanse abster por responsabilidade, xa que pensan que hai que cumprir os contratos.

O concelleiro ÁLVAREZ BALLESTEROS di que no anterior mandato as reunións eran mensuais e que as cuestións das algas e demais non ten que ver coa revisión dos prezos que ven dado porque no 2007 asinouse o contrato e despois non se actualizaron as taxas ata que chegaron eles no 2011. Indica que haberá que falar moitas cousas pero non ten que ver con esta proposta.

#### VOTACIÓN E ACORDO

Sometida a votación a proposta de acceder ao incremento solicitado pola empresa URBASER para o contrato de prerrecollida, recollida domiciliaria universal dos residuos sólidos urbanos e o seu transporte autorizado resulta aprobada por maioría dos/as concelleiros/as asistentes, sendo dez votos a favor (9 do PP e 1 do BNG), tres votos en contra (3 de AER) e seis abstencións (6 do PsdeG-PSOE).

### **8. Aprobación inicial da Ordenanza de Prevención de situacións de exclusión social do Concello de Redondela.**

#### ANTECEDENTES

1. Ordenanza de prevención de situacións de exclusión social aprobada definitivamente o 06/06/2013 e publicada no boletín oficial da provincia 121 do 26/06/2013
2. Ditame da Comisión Informativa de Benestar Social da sesión do 22/02/2016 que di:

“A Presidenta informa que se vai a debater, como na xuntanza anterior, as propostas de modificación da ordenanza reguladora do programa de



prevención de situacións de exclusión social. Expón os cambios máis recentes como son a eliminación das porcentaxes, o IPREM polo SMI, aumento das contías das axudas así como as melloras en materia de ensino.

Trátanse os puntos pendentes de modificación ou revisión tras as anteriores xuntanzas (...).

### Intervencións (...)

Votación e ditame: A Presidenta solicita a aprobación por parte da Comisión Informativa do texto da Ordenanza municipal de prevención de situacións de exclusión social do Concello de Redondela.

O texto da Ordenanza municipal de prevención de situacións de exclusión social do Concello de Redondela é aprobado por unanimidade das/os membros presentes da Comisión Informativa de Benestar Social.”

## INTERVENCIONES

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que esta ordenanza aprobose hai dous anos e non é que se fixera mal senón que houbo unha mala xestión dos servizos por parte do goberno municipal que se puxo de manifesto pola tardanza de ata cinco meses en aboar as axudas. Insiste na súa postura contraria ao voto ponderado nas comisións. Refírese ao argumentario que se utilizou para apoiar unha suba da axuda a unha determinada entidade pero para aqueles que se achegan a pedir axuda aos servizos sociais se lles complica moitísimo a documentación e non se lles da resposta as súas necesidades aínda que despois sobran miles de euros ao final do ano. Formula algunhas propostas para engadir á ordenanza:

“Artigo 8.- Requisitos das/os solicitantes

k) Que a renda per cápita mensual bruta da unidade de convivencia estea dentro dos límites establecidos na táboa que se indica:

Número de membros da unidade de convivencia	Contía
1	SMI (persoa solicitante)
2	SMI (persoa solicitante) + 14% (segundo membro)
3	SMI (persoa solicitante) + 14% (segundo membro) + 12% (terceiro membro)
4	SMI (persoa solicitante) + 14% (segundo membro) + 12% (terceiro membro) + 10% (cuarto membro e sucesivos)
Engadir	<i>En caso de menores, persoas con discapacidade ou terceira idade aumenta un 20% do SMI, por cada un deles.</i>

Artigo 15.- Tipoloxía e contía das axudas

As axudas de intervención tipifícanse en:

a) Axudas para necesidades básicas xerais: Defínense coma necesidades básicas con carácter xeral: alimentos, vestiario, calzado, produtos de hixiene, alimentación infantil, educación, etc.).

*(Eliminar) Aprobaranse dous meses de apoio consecutivos a estas necesidades*

---

### **Concello de Redondela**



básicas, sempre vinculadas ao informe social, onde se avalíe a gravidade da situación e a idoneidade da acción concreta, *A contía máxima ascenderá ao 100% do SMI.*  
(Eliminar)

*(Proposta) Vinculadas ao informe social, onde se avalíe a gravidade da situación e a idoneidade da acción concreta, pola cantidade económica necesaria, polo tempo indispensábel e con carácter revisábel.*

b) Axudas para o pagamento do aluguer da vivenda habitual.

*(Eliminar) A axuda será, como máximo, polo valor de dous meses de aluguer, e sempre que a persoa solicitante non sexa propietaria doutros bens inmobles de natureza urbana. O importe da axuda ascenderá como máximo a dúas mensualidades do aluguer, sen superar o 100% do SMI.*

*(Proposta) Sempre que os informes de Servizos Sociais así o acrediten, serán susceptibles de recibir estas axudas aquelas persoas ou unidades de convivencia familiar, que non sexan propietarias doutros bens inmobles de natureza urbana. Neste caso, a persoa solicitante deberá acreditar mediante certificado catastral, que ningún dos membros da unidade de convivencia é propietaria/o doutros bens inmobles de natureza urbana, así como o contrato de arrendamento e a documentación acreditativa da débeda contraída polo non pagamento.*

Nos casos nos que non houbera contrato de arrendamento por escrito, poderase xustificar, se así convén o persoal técnico (para vivendas moi antigas con contratos orais), a través de recibos de auga, gas, electricidade e outros que vinculen a persoa solicitante coa vivenda que ocupa, sendo sempre neste caso preceptiva a visita a dita vivenda polo persoal técnico de servizos sociais.

c) Axudas para adaptacións da vivenda única e habitual.

Destinada a persoas con mobilidade reducida ou que sirva para proporcionar niveis mínimos de habitabilidade, *(Eliminar) cun importe máximo igual ao 300% do SMI mensual vixente e sen que o poida superar o 75% do custo total das obras.*

*(Proposta) Destinada a persoas con mobilidade reducida ou que sirva para proporcionar niveis mínimos de habitabilidade, sen que o poida superar o 75% do custo total das obras.*

Neste caso, a persoa solicitante deberá achegar o orzamento da obra correspondente ao custo de adaptación da vivenda, así como a documentación acreditativa de que ésta ten o carácter de vivenda única e habitual, e que é da súa propiedade.

d) Axuda á busca de vivenda en aluguer:

1.- En casos de desafiuzamento, por causas técnicas construtivas, por extinción de contrato ou calquera outra medida legal que supoña que a persoa solicitante vai ser desaloxada nun período breve de tempo, con grave risco de exclusión social. Esta axuda será incompatible coa do apartado b) deste mesmo artigo, dentro do mesmo ano.

*(Eliminar) Neste caso a contía da axuda non poderá superar dúas mensualidades da nova vivenda, acreditada mediante os medios dos que dispoña a persoa solicitante.*

2.- En casos de existir violencia de xénero. Cando así se recomende dende o Centro de Información da Muller do Concello de Redondela (CIM de aquí en diante), *(Eliminar) e por un período máximo de seis meses de aluguer.*

Nos supostos de violencia de xénero ou doméstica, acreditarase esta situación mediante a orde de protección en vigor ou calquera outro dos medios previstos na Lei Orgánica 18/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero ou a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.



e) Axudas para débedas derivadas do consumo de servizos esenciais da vivenda habitual.

*(Eliminar) Cubriranse un máxmo de tres recibos de subministro de electricidade ou gas, cando quede acreditado que, de non facerse este pagamento, se procederá ao corte da subministración.*

*(Proposta) Subministro enerxético e de auga, cando quede acreditado que, de non facerse este pagamento, procederáse a unha falla da subministración.*

O importe máximo da axuda non excederá en ningún caso do 50% do SMI mensual vixente. A persoa solicitante deberá acreditar o non pagamento de ditos recibos presentado a notificación de débedas ou de suspensión do servizo por non pagamento.

f) Axudas para adquisición de equipamento básico de primeira necesidade para a vivenda habitual.

*(Eliminar) O importe máximo será igual ao 100% do SMI mensual. A axuda vai destinada á adquisición de electrodomésticos básicos e/ou mobiliario indispensable, común ou adaptado a persoas dependentes ou con grao de discapacidade recoñecido, e que non estean cubertas polo sistema público de saúde, en cuxo caso será obrigatorio un informe médico que aconselle ese útil ou mobiliario en concreto.*

*O/a traballador/a social comprobará a existencia da necesidade.*

g) Axudas para o pagamento de hipotecas e evitación de desafiuzamentos.

A devandita axuda estará encamiñada a evitar unha situación de posible desafiuzamento inminente, *(Eliminar) coa cobertura dende o primeiro ao terceiro recibo de non pagamento*, se unha avaliación técnica previa prevé que a situación económica da persoa solicitante é susceptible de mellora, e que esta poderá facerse cargo en diante, tras sufragar a débeda pendente, das seguintes cotas.

A contía máxima da axuda non poderá exceder, en ningún caso, o 300% do SMI mensual vixente.

A solicitante deberá acreditar a débeda contraída coa entidade de crédito, así como a súa falta de pagamento, por cantas formas pertinentes sexan requiridas polo persoal técnico responsable. Así mesmo, a persoa solicitante deberá achegar o extracto bancario dos últimos 12 meses das contas onde perciban ingresos todos os membros da unidade de convivencia.

Esta axuda non poderá volver solicitarse, con carácter xeral, ata pasados dous anos.

h) Axudas sanitarias.

Estas axudas van dirixidas a sufragar gastos farmacéuticos e á adquisición de próteses e/ou materiais ortopédicos (non mobiliario), que necesitara a persoa solicitante por prescrición facultativa da Sanidade Pública, de non ser cuberta pola ésta, en calquera dos seus programas.

Será obrigatorio o informe médico da Sanidade Pública que xustifique a necesidade ou conveniencia da axudas, en caso de ter sido denegado polo sistema público de saúde, cómpre presentar a resolución denegatoria e a súa motivación.

O importe máximo será igual ao 100% do SMI mensual.

Inclúense tamén os seguintes útiles:

- auditivos: adquisición ou reparación de audífonos.
- fonadores: adquisición ou reparación de aparatos de fonación.
- oftalmolóxicos: adquisición ou reparación de lentes graduados.
- favorecedores de mobilidade.



i) Axudas económicas para vítimas de violencia de xénero e maiores ou menores ao seu cargo.

Cando calquera das axudas anteriores sexa solicitada por unha muller ou home, vítima de violencia no ámbito familiar ou de xénero, terase en conta a súa situación para os efectos do cálculo da axuda.

A situación de necesidade será valorada polo persoal técnico municipal de Servizos Sociais e do CIM.

Teranse en conta calquera das axudas contidas nos apartados anteriores, e calcularase un incremento dun 10% da axuda resultante, excepto nos casos do apartado d) punto 2, no que xa se contempla especificamente.

A situación de violencia de xénero ou doméstica, acreditarase de acordo co establecido no artigo 15.d.2) desta Ordenanza.

k) Axudas para o desenvolvemento de actividades de inserción socio-laboral. Para asistencia a cursos de formación, matrícula e transporte dos cursos non subvencionados e que requiran un desprazamento superior aos 3 km, sendo valorada a procedencia desta axuda polo/a traballador/a social de referencia, sendo a contía máxima da axuda o 100% do SMI mensual vixente.

Novo artigo. Procedemento Urxente

a) presentación da instancia, e documentación que a Traballadora Social estime oportuno.

c) informe elaborado pola Traballador/a Social, no que se xustifique a necesidade da urxencia.

d) Pagamento en 72 horas das axudas urxentes.

e) Xustificación das facturas nun prazo non superior a 15 días.”

O alcalde di que esas propostas debeu facelas na comisión ou achegalas doutra maneira antes do pleno e retíralle a palabra porque estima que xa esgotou o tempo e agora non pode monopolizar o debate.

A concelleira LAÍÑO FERREIRA di que traballaron bastante na ordenanza para tratar de chegar a mais veciños e facilitar a xestión das axudas dándolles as maiores facilidades, definindo os procedementos, establecendo prazos e criterios obxectivos. Esperan que o goberno cumpra co seu compromiso de dar conta mensualmente destas axudas e que isto supoña un punto e seguido para mellorar esta ordenanza e modificala no futuro caso de que se estime necesario.

A concelleira RIVAS GÓMEZ di que no ano 2012 non se fixo un traballo conxunto entre os grupos polo que aínda que aprobaron a ordenanza sempre consideraron que era preciso seguir matizando a mesma e foron eles os únicos que presentaron alegacións ao texto aprobado inicialmente e foi entón cando reuniron a todos os grupos para debatilas. Sinala que nesta revisión actual quedou constatado que era necesaria esa adaptación. Parécelle un tema moi importante. Indica que agora reuníronse os grupos e fixeron aportacións. Refírese concretamente a algunhas delas que se recolleron e outras que non como por exemplo as medidas para evitar o retraso na tramitación. Considera que é importante distinguir a tramitación urxente da que non o é.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que o voceiro do BNG non traballou nesta



ordenanza xa que non asistiu ás comisións polo que non entende que estea en contra do voto ponderado. Non sabe por qué agora prantexa unhas propostas sen facelas previamente, cando levan meses traballando no texto da ordenanza. Di que non se denegou ningunha axuda de emerxencia social por non haber existencia de crédito e considera que non se pode facer política de baixo nivel cos servizos sociais. Considera que non é momento axeitado para atender ás demandas do voceiro do BNG xa que lle invitou anteriormente a realizar aportacións e non o fixo.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que o BNG considera as comisións son moi importantes pero parécelle que o goberno convertiunas nun paripé co voto ponderado xa que estima que deberían estar todos os concelleiros que corresponda. Pensa que non é de recibo facer caixa cos servizos sociais.

O alcalde dí que aínda que o voto nas comisións sexa ponderado poden asistir os concelleiros que o desexen.

A concelleira LAÍÑO FERREIRA di que traballaron seriamente nas comisións e non lles pareceu ningún paripé.

A concelleira RIVAS GÓMEZ di que seguen quedando cousas como a do procedemento urxente.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que os que solicitaron e cumprían os requisitos tiveron a súa axuda xa que nadie quedou sen ella por falla de consignación. Dí que cando gobernaba o bipartito as axudas se daban a dedo xa que non había ningunha ordenanza, cousa que fixo inicialmente a concelleira Teresa París e que agora vai a experimentar unha mellora importante.

#### VOTACIÓN E ACORDO

A modificación da Ordenanza de Prevención de situacións de exclusión social do Concello de Redondela apróbase inicialmente por maioría dos/as concelleiros/as asistentes, sendo dezoito votos a favor (9 do PP, 6 do PsdeG-PSOE e 3 de AER) e un voto en contra (1 do BNG).

#### **9. Manifesto do Consello da Muller polo día 8 de marzo**

A concelleira PARIS BLANCO da lectura ao seguinte manifesto, que é asumido por todos os grupos da corporación:

“Neste 8 de Marzo de 2016 se conmemoran xa máis de cen anos dende que mulleres organizadas en grupos de traballadoras, comenzaron unha andaina na que a través de diferentes accións, manifestacións, reivindicacións e concentracións, conseguiron abrir un camiño que ate o de entón permanecía pechado para elas.

Foron quen de ocupar un espazo propio e de conseguir por primeira vez na historia moderna o sufraxio feminino en moitos países, así coma o recoñecemento de dereitos laborais básicos que se lles negaban por ser mulleres, aínda que traballaban coma as que máis.

O 8 de Marzo recolle o froito desas precursoras, desas mulleres valentes e loitadoras que non se viñeron abaixo, e que ano tras ano, a través de diferentes convocatorias, en distintos países, Estados Unidos, Alemania, Polonia e a antiga Unión Soviética,





foron sumando forzas para que o movemento da muller se fixese escoitar con voz propia.

Se ben os primeiros pasos comenzaron na loita obreira, sindical e centrada nos dereitos laborais, o contido reivindicativo foise abrindo a outras esferas da vida e os dereitos da muller, chegando a ter como teito o recoñecemento total da igualdade da muller e o home en todos os eidos do dereito, e máis aló, na vida pública, na representación social e no liderado político, recoñecido tanto polas diferentes Conferencias da ONU, coma nas regulamentacións legais de cada vez máis e máis países.

Ainda así e todo, cada paso adiante, supón ter que solucionar novos problemas que xurden de situacións novas ate entón. O abrir unha nova brecha de actuación, onde antes a muller non tiña presenza, produce en moitos casos efectos contradictorios e iso manifesta a necesidade de seguir avanzando e afondando nos compromisos que como sociedade temos que asumir. No nivel do estado central, autonómico e local e tamén no internacional. Pero tamén no noso día a día.

Non podemos quedar a expensas de que as sociedades avancen soas en dirección a ese recoñecemento total do papel da muller.

É necesario que cada novo problema sexa tratado coa dilixencia esixida para que non retrocedamos cara a tempos nos que se nos tiña pola parte débil da sociedade, e onde as mulleres tiñan vedado o eido público e incluso parte do privado.

Neste 2016 non perdimos esa conciencia de desventaxe, senón que temos que seguir poñéndoas ben á vista para seguir pelexando por todas aquelas que viven nun mundo de discriminación, que aínda son moitas e poñemos o nos gran de area para que non se esqueza a todas aquelas: intelectuais, revolucionarias, traballadoras, amas de casa, coidadoras, nais e educadoras e todas aquelas mulleres explotadas e pobres no mundo, coas que atenderemos a ese gran día onde xa non sexan necesarias todas estas reivindicacións, só a conmemoración do día das mulleres.

Pedimos por todo iso que dende o Goberno da Xunta eseguindo as liñas que marca a Lei de Trballo en Igualdade, se impulsen o emprego das mulleres a través de plans de emprego, plans para creación de empresas, mellora da empregabilidade das mozas e mulleres novas ou daquelas que tiveron unha incorporación tardía ó mundo laboral, tendo en conta a diferenza existente aínda entre o número de mulleres e homes desempregados.

E que dende o Consello Galego de Relacións Laborais se teña permanentemente en axenda as dificultades aínda existentes para o acceso total da muller ó mundo laboral.

Non queremos esquecer a mocidade, tan sensible a diferentes influencias, a que non olviden esta importantísima loita e a teñan presente na súa vida, para seguir mellorando na nosa igualdade coma persoas. Tamén neste 2016, queremos que se fagan máis esforzos na educación de nenos e nenas, como punto de partida imprescindible para todo avance.

Hoxe é o día das mulleres de todas as opcións, de todos as sensibilidade e de todos os credos e todas as consciencias.

Cada pequeno paso que sexamos capaces de dar en beneficio dunha soa, merece ben a pena. E temos que prepararnos para seguir dándoos cara ó futuro.

Estes cen anos foron só un pequeno paso para a humanidade, pero significaron tamén un paso ben grande para nós, as mulleres.”

## **10. Proposta de acordo en favor da defensa dun ferrocarril público**

O acalde, co acordo dos/as concelleiros/as presentes, retira a proposta.

---

**Concello de Redondela**

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



## **11. Actividades de control do pleno**

### **11.1 Dar conta das resolucións de alcaldía**

### **11.2 Solicitudes de comparecencia**

#### **11.2.1 Solicitude de AER para a comparecencia do concelleiro de Cultura en relación ao control obras da ampliación da autoestrada na fortaleza de Rande**

Por AER solicitouse a comparecencia do concelleiro de Cultura nos seguintes termos:

“Xusto o derradeiro día de 2015, e con grande sorpresa, atopámonos na prensa coas primeiras declaracións do novo concelleiro de cultura dende que está no seu cargo sobre o “castelo de Rande”.

A prensa fíxose eco dunha iniciativa quepartía da concellería de Cultura para impedirle ao Ministerio de Fomento e concesionaria as actuacións previstas sobre os restos arqueolóxicos da fortaleza de Rande.

A Agrupación de Electores solicita a comparecencia do concelleiro de Cultura para dar conta dos seguintes aspectos:

- Informes e expertos consultados pola concellería en relación ao perigo que supoñen as obras de ampliación da AP-9 sobre os restos da fortaleza de Rande.
- Ferramentas xurídicas que vai empregar a concellería para impedir as actuacións de Audasa.
- Documento escrito da declaración BIC do Castelo de Rande e a súa contorna.
- Reunións, xuntanzas e/ou escritos con outras administracións con competencias en patrimonio arqueolóxico nas que falaran das medidas que van tomar para protexer o castelo de Rande.”

O concelleiro ALONSO GONZÁLEZ di que o castelo de Rande xa é BIC por disposición legal aínda que a contorna requiriría unha declaración como sitio histórico ou similar. Indica que a preocupación actual é que a fortaleza non experimente danos por mor das obras, como así foi ao facerse a Ponte de Rande. Se fixeron os correspondentes requerimentos a Audasa e indica que lle chegou unha documentación de Fomento o día 22 deste mes na que se da conta das actuacións previas realizadas consistentes en prospeccións arqueolóxicas que se incorporaron ao proxecto constructivo e tamén un levantamento topográfico e unha serie de actuacións tendentes a protexer a fortaleza. Todo iso en coordinación con Patrimonio. Comentou a documentación cun arqueólogo reputado da zona que pertence á asociación máis afectada. Indica que o proxecto aprobouse inicialmente no ano 2010 e ese foi o momento e que se puido facer alegacións ao mesmo. Sinala que o problema



fundamental foi a construción inicial e agora o seu criterio é que non se toquen os elementos existentes e despois continuar coa tramitación de interese cultural ou sitio histórico.

O concelleiro VARELA COUÑAGO pide que se lles facilite copia da documentación respostándolle o concelleiro que “sen problema”.

### **11.3 Mocións**

#### **11.3.1. Moción do PP sobre a seguridade na estrada da Teixeira**

##### **ANTECEDENTES**

Moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular o día 09/02/2016 e con número de rexistro de entrada 1636 que di:

“Este Concello ven de demandar en moitas ocasións a mellora da seguridade na estrada provincial EP 2901, estrada da Teixeira, tanto con acordos plenarios como a instancia do Consello Parroquial de O Viso.

Tamén a través dun acordo plenario solicitouse a eliminación do tráfico pesado por esta estrada, xa que non ten lóxica que no tramo de Soutomaior sí estea restrinxido o tráfico de vehículos pesados e no tramo de Redondela se permita.

Nos últimos anos fixéronse na contorna do colexio pequenas obras para a mellora da seguridade coa construción dunhas beirarrúas e melloras no acceso, pero isto non é suficiente pois esta estrada require dunha mellora integral, onde se adopten medidas de seguridade tales como a construción de beirarrúas, pasos de peóns elevados, colocación de sinalización axeitada, xa que soporta un volume de vehículos elevado ao ser a estrada que une o Viso con Soutomaior, con tramos de calzada estreitos e con casas pegadas nun tramo de dous kilómetroos onde os peóns non teñen beirarrúas ou un arcén onde protexerse e onde a diario corren risco, xa que transitan pola estrada.

Cremos necesario que o novo goberno da Deputación, presidido por dona Carmela Silva Rego, debe comprometerse cos cidadáns da nosa vila a que nestes presupostos se destine unha partida para a redacción dun proxecto e a posterior execución das melloras demandadas que así foron solicitadas polo goberno municipal nun escrito de alegación aos orzamentos para o exercicio 2016.

Por todo o anteriormente exposto, solicitamos que se adopten os seguintes ACORDOS:

1. Instar á Deputación de Pontevedra e nomeadamente á súa presidenta, dona Carmela Silva Rego, a que inicie os trámites de elaboración do proxecto das obras de mellora da estrada EP 2901 da Teixeira e que se consigne o orzamento para que as obras sexan iniciadas neste ano 2016.
2. Enviar unha copia deste acordo a todos os grupos políticos representados no pleno da Deputación provincial.

##### **INTERVENCIONS**

---

#### **Concello de Redondela**



O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que o PP xa ten unha excusa para cargar contra alguén e preguntase qué peso tiña o alcalde de Redondela coa anterior Deputación. Comparte a demanda de mellorar a seguridade viaria nesta estrada pero indica que cando se falou o mesmo da estrada de Vilar tardou bastante en resolverse. Non sabe por qué propoñen dirixirse particularmente á presidenta, xa que non pode vencellarse o funcionamento da institución a unha persoa, tal e como facía o PP. Apoian a moción porque apoian aos veciños do Viso, non ao PP .

O concelleiro CRESPO ABAL di que apoian a moción que pasou polo consello parroquial do Viso hai bastante tempo. Dí que o acordo do consello debe adxuntarse ao do pleno do Concello, manifestándose o alcalde conforme.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que están de acordo coa moción. Sinala que a presidenta da Deputación chegou aquí cos deberes feitos e pensa que o arranxo desta estrada vai a incluírse nun plan provincial. Salienta que agora o PP presenta mocións, cousa que antes non facía a pesar de que gobernaron a Deputación máis de trinta anos.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que non entende o nerviosismo do PSOE xa que non falou da Deputación de xeito crítico senón que recaban o apoio unánime do pleno para que se faga unha obra que consideran importante. Di que o alcalde antes da xuntanza coa presidente envioulle un correo manifestándolle as necesidades do Concello. Ve normal que a moción se dirixa á presidenta como titular da institución.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que na moción fálase dun proxecto pero tamén está a sinalización.

O concelleiro CRESPO ABAL di que non ten sentido tirarse os trastos uns a outros, especialmente se todos están de acordo. Parécelle que é perder o tempo.

O concelleiro REGUERA OCAMPO insiste en que dependendo de quen governe teñen distintas formas de xestionar.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que os plenos son un espazo de debate e cada un pode dar a opinión que crea oportuno sen tirarse o trastos.

### VOTACIÓN E ACORDO

A moción anteriormente transcrita sométese a votación, resultando aprobada por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo dezanove votos a favor (9 do PP, 6 do PsdeG-PSOE, 3 de AER e 1 do BNG)

### **11.3.2. Moción de AER sobre o programa municipal de conciliación**

#### ANTECEDENTES

Moción do grupo municipal AER presentada o día 20/01/2016 con número de rexistro 688 que di:

“Como ten acontecido nos últimos anos, o Concello fai público o Programa Municipal de Conciliación (“Nadal con Simona”), programa que se levou a cabo durante o Nadal do 2015, publicándose/dándose a coñecer o programa o venres 4 de decembro, e



abríndose o período de inscrición o seguinte luns, día 7, ata o luns 14 de decembro.

A pesar de ser un programa que se realiza todos os anos, a actuación seguida polo grupo de goberno parece máis propia das présas e improvisación, na que se nota en falta previsión e organización no seu desenrolo.

Non é comprensible, nin admisible que sendo unha actividade que se realiza regularmente, non se proceda á súa publicación cunha antelación mínima dun mes para chegar ao coñecemento de todas as familias, tendo en conta que o criterio de admisión é única e exclusivamente “por rigorosa orde de entrada da ficha de inscrición no Rexistro Xeral do Concello”.

Dita falta de publicidade pode dar lugar a moitas conxecturas e inxustizas, porque o programa pode non chegar ao coñecemento das familias que realmente o necesiten.

Por outra banda, maniféstase na convocatoria que un dos obxectivos desta actividade é fomentar e favorecer a conciliación de responsabilidades familiares e laborais, pero pola contra, o criterio de admisión non é que os proxenitores dos menores traballen, senón que é por estrita orde de inscrición (pode darse o caso de que non traballen ningún dos proxenitores ou un só deles e sen embargo, accedan ao programa por presentar a inscrición no primeiro día).

Tamén se bota en falla que sendo una actividade municipal, non se teña en conta como criterio de admisión a capacidade económica da unidade familiar, tendo en conta a limitado do número de prazas que se ofertan (posto que pode darse o caso de que una unidade familiar con máis ingresos pode chegar a acceder no sitio doutras de menores ingresos).

Resulta incomprendible que nestes momentos, nos que se fala e alardea da transparencia, se realicen programas que afectan á veciñanza con tan pouca publicidade; e que un programa cuxo obxectivo principal sexa conciliar vida familiar e laboral, non teña como o criterio prioritario de admisión a situación laboral e económica da unidade familiar.

Por todo o anteriormente exposto, a Agrupación de Electores de Redondela propón ao Pleno do Concello de Redondela os seguintes acordos:

- 1.- Que nos programas de conciliación laboral e familiar se establezan como criterios prioritarios de admisión a situación laboral e económica da unidade familiar.
- 2.- Que todos os programas de conciliación se publiquen cunha antelación de 1 mes antes da apertura do prazo de inscrición, publicidade que deberá realizarse como mínimo nos taboleiros de todos os centros educativos do Concello de Redondela e na páxina web do Concello de Redondela.
- 3.- Que os horarios sexan flexibles na hora de entrada dos cativos e cativas e que estes horarios abarquen o rango habitual do horario escolar para conseguir un encaixe real de cara a conciliación.
- 4.- Establecer un número de prazas para persoas con discapacidade proporcionado á demandas existentes deste tipo de prazas para evitar que queden fóra estes casos.”

## INTERVENCIONS

---

### **Concello de Redondela**



O alcalde sinala que vai a propor que se debata e despois se trate do mesmo xeito que a ordenanza sobre exclusión social porque hai unha serie de particularidades que o fan máis conveniente.

O concelleiro VARELA COUÑAGO di que non ten problema se se fai unha xuntanza o luns ou martes para modificar os criterios de admisión.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que o BNG xa ten denunciado que os criterios non son lóxicos e foi ese grupo o que iniciou este tipo de programas xa que puxo en marcha as ludotecas ata en periodos lectivos pola tarde e non quedaba ninguén fora e facíanse en todas as parroquias. Considera que non é necesario facer un regulamento para iso sobre todo si se ten previsión e hai prazas dabondo para todo o mundo, xa que co programa actual moitos rapaces quedan fora.

A concelleira RIVAS GÓMEZ di que o PP leva gobernando cinco anos e agora fala o alcalde de consensuar cousas. Indica que o 22.11.2014 xa se manifestaron en desacordo con que a orde do programa fora pola presentación da solicitude. Parécelles que dito programa é insuficiente e inxusto. Pide que no punto 4 se cambie o termo *discapacidade* por *diversidade funcional*.

A concelleira PARIS BLANCO di que hai que traballar con ratios de nenos e monitores, non poden actuar caprichosamente. Indica que con este programa se fala de conciliación en xeral, e é repetitivo polo que non lle parece necesario que haxa unha publicidade mínima cun mes de antelación. Sinala que o programa se mellorou bastante e se publicita en todos os centros, anpas e todas as asociacións que poden estar interesadas. Indica que pódese mellorar a xestión e rexeita as referencias que ao respecto fai a moción. Indica as avantaxes do programa.

O concelleiro VARELA COUÑAGO di que teñen queixas de veciños e por iso traen esta moción ao pleno porque consideran que non é de recibo que queden chavales fora do programa.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que sempre houbo previsións e pide que non haxa en ningún caso discriminación dentro do mesmo programa.

A concelleira RIVAS GÓMEZ di que parécelle grave dicir que se hai que levantarse cedo para ir a presentar a solicitude non lle mira problema sen ter en conta que moita xente traballa. Considera que con isto amósanse as prioridades do PP. Indica que de 315 solicitudes quedaron fora 90 e o ano anterior 141 polo que non entende que non incrementen as prazas dado que hai demanda.

A concelleira PARIS BLANCO di que cando se abre o programa se informa á xente e para as familias especialmente necesitadas resérvanselles o 10% das prazas, directamente polos servizos sociais e tamén se gardan para os que teñen necesidades especiais. Indica que antes había actividades dispersas e non existía control nas ludotecas xa que non se pode contratar dez monitores e logo pagar vinte. Crear máis prazas implica máis cartos e un contrato maior.

O concelleiro VARELA COUÑAGO di que a moción vaise votar así e se quere facer a reunión. Considera correcto o termo *discapacidade*.

#### VOTACIÓN E ACORDO

---

### **Concello de Redondela**



Instada a votación, resultan dez votos a favor (6 do PsdeG-PSOE e 4 de AER) e dez votos en contra (9 do PP e 1 do BNG).

Repítese a votación co mesmo resultado, polo que a moción resulta finalmente rexeitada polo voto en contra de calidade do alcalde.

O alcalde indica que se celebrará unha xuntanza o luns as 8,30 para tratar esta cuestión.

### **11.3.3. Moción do BNG sobre o cumprimento da Carta europea das Linguas e Minorizadas**

#### **ANTECEDENTES**

Moción presentada polo grupo municipal do BNG o día 19/02/2016 con número 2103 que se transcribe a continuación:

“O pasado 21 de xaneiro facíase público o 4º informe da avaliación do cumprimento da “Carta europea das Linguas Rexionais e Minoritarias” elaborado polo Comité internacional de expertos. Ao tempo, e baseadas neste informe, facíanse públicas as recomendacións do consello de Ministros do Consello de Europa ao Estado español.

Nestas recomendacións, o Comité de expertos e o Consello de ministros sinalas os aspectos que cómpre corrixir para o cumprimento efetivo das garantías que o Estado español e a propia Xunta de Galiza se comprometeron a cumprir ao ratificar a Carta en 2001.

O Concello de Redondela manifesta o seu compromiso coa Carta Europea das Linguas Rexionais e Minorizadas, tratado internacional que garante os dereitos lingüísticos, nomeadamente en relación á lingua galega como lingua propia e oficial de Galiza e por todo o exposto, o grupo municipal do BNG solicita o debate do pleno da Corporación de Redondela e a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Cumprir con todas as recomendacións do Consello de ministros e do Comité de Expertos do Consello de Europa e exixir do Estado español a aplicación real dos seus compromisos en relación coa Carta, tal e como indica o Consello de ministros.
2. Dar os pasos necesarios para cumprir co sinalado na alínea 640 do informe que afirma que o decreto 79/2010 de plurilingüismo contradí o establecido na Carta, e o punto 5º da resolución do Consello de ministros, onde se sinala que a introdución dunha terceira lingua no ensino non pode afectar negativamente á propia.
3. Elaborar de maneira ampla e consensuada un novo decreto para o uso do galego no ensino, que atenda aos principios de normalización lingüística e acorde co sinalado na Carta europea.
4. Que mentras non se elabora o novo decreto, modifique o actual derogando os artigos que poñen límites ao uso do galego nas aulas coma as porcentaxes máximas de materias a impartir en galego nos centros e a prohibición de



impartir na nosa lingua as materias científico-técnicas ou matemáticas.

5. Garantir unha oferta ampla de liñas de ensino infantil en galego en todas as vilas e cidades.”

## INTERVENCIÓNS

O concelleiro CRESPO ABAL di que están a favor.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que a moción podería ser presentada conxuntamente polos grupos da oposición a fin de que a Xunta derroque o decreto de plurilinguismo que non defende ningún.

O concelleiro ALONSO GONZÁLEZ di que o informe refírese a un periodo anterior e agora a situación non é a mesma. Estima que o importante do informe son as recomendacións. Considera que das linguas minoritarias o galego pode ser unha das que está millor.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que o galego está nunha situación crítica e a escola é desgaleguizadora así como os medios de comunicación. Considera que hai que convertilo nunha xoia e defendelo como un patrimonio por riba de todo.

## VOTACIÓN E ACORDO

Instada a votación da moción anteriormente transcrita, é aprobada por maioría dos/as concelleiros/as sendo once votos a favor (6 do PsdeG-PSOE, 4 de AER e 1 do BNG), un voto en contra (1 do concelleiro ALONSO GONZÁLEZ) e oito abstencións (8 do PP).

## PREGUNTAS

### **11.4.1 Preguntas presentadas polo grupo municipal de AER o día 24/02/2015 con número de rexistro de entrada 2427 que se transcriben a continuación.**

#### **Pregunta sobre o uso dos pavillóns municipais para actos organizados polo Concello en situacións de malas condicións meteorolóxicas**

“O Concello de Redondela organiza e programa ao longo do ano diversas actividades socioculturais, tanto a cuberto como ao aire libre.

No caso das actividades ao aire libre, vense observando que no caso de inclemencias meteorolóxicas (choiva principalmente) decídese cancelar a actividade sen, na maioría dos casos, dar unha opción a cuberto. Non tódalas actividades se poden facer a cuberto, pero en diversas festas ou eventos a programación dun mínimo de actividades a cuberto ou establecendo unha alternativa a cuberto, podería evitar a cancelación da totalidade do evento e, cando menos, ofrecer un mínimo de programación nesa data, sobre todo de cara aos/ás máis cativas e cativos.

Recentemente houbo os casos da cancelación dos Ranchos de Reis no Nadal e máis de diversas actividades do Entroido. Neste último caso, no martes de Entroido





constatouse que grazas a diversas iniciativas privadas que organizaban actividades a cuberto, parte dos veciños animáronse a saír á rúa a celebrar esta festa, en moitos casos familias con cativos e cativas.

Isto leva a pensar que tal vez os Ranchos de Reis ou mesmo actividades de Entroido de cara aos máis cativos, puidéronse ter realizado a cuberto nos pavillóns municipais.

Así, tendo en conta que en Redondela e Chapela o Concello dispón de diversos pavillóns municipais, asumindo as obvias e oportunas medidas para conservar o pavimento e as instalacións (colocación de moquetas reutilizables, por exemplo), do mesmo xeito que se actúa noutros Concellos próximos (Soutomaior, O Porriño, Mos,...); en virtude do anteriormente exposto preguntamos:

Poderíase planificar, principalmente de cara aos eventos organizados ao exterior polo Concello de Redondela, unha alternativa a cuberto facendo uso dos pavillóns municipais para evitar a cancelación total por motivos climatolóxicos?"

Resposta: O concelleiro ALONSO GONZÁLEZ di que se prantexan cómo resolver ese problema en cada caso. Dí que nalgúns casos non é posible levar cousas a un pavillón e os condicionamentos técnicos poden ser diferentes.

### **Pregunta sobre a convocatoria do Consello Forestal municipal**

"Que existindo no municipio de Redondela a figura do Consello Municipal Forestal, aprobado en base a un acordo do Pleno do Concello de data 30.11.2006, conformado por partes implicadas na xestión dos montes do municipio e por outras partes interesadas.

- Que existindo un Regulamento do Consello Forestal Municipal (BOP nº 44, venres 2 de marzo de 2007) onde se establece a súa convocatoria polo menos unha vez por semestre (Artigo 10.- Réxime de Sesións) e xa tendo atopándonos no primeiro semestre de 2016 sen terse convocado.
- Que tendo constancia da solicitude de convocatoria do Consello Forestal por membros que o integran.
- Que sendo a última convocatoria oficial o 10 de decembro de 2014, da que non se recibiu acta algunha, pasando todo o ano 2015 sen convocar este foro.
- Sen ter constancia do estado de avance das diferentes propostas aprobadas nos diferentes consellos parroquiais e sen que se nos informe en absoluto do traballo que o goberno local está facendo neste senso. Así por exemplo, os acordos aprobados no consello do 13.11.2014 foron:

1.- Deslinde municipal Redondela-Pazos de Borbén (parroquias de Saxamonde, Quintela e Reboreda)

O Consello acorda por unanimidade dos presentes o seguinte:

1.- Recompilar información facendo un pequeno traballo de resumir as incidencias

---

### **Concello de Redondela**



fundamentais de cada parroquia e remitilo ao Concello. Apúntase o risco que que existan contradicións entre comunidades pero a asistencia técnica que se contrate será a que se encargue de unificar criterios.

2.- Dotar orzamentariamente esta actuación unha vez que se recaben orzamentos de varias empresas.

2.- VARIOS.

Finalmente sométese á consideración do Consello a conveniencia de integrar as propostas da moción nas dúas seguintes:

Establecer unha colaboración coa mancomunidade nestas materias.

Estar atento ás axudas que poidan solicitarse nesta materia.

En virtude do anteriormente exposto preguntamos:

Cando o Sr. Alcalde ou membro da Corporación no que delegue (segundo o establecido no Artigo 6.- Pleno do Regulamento do Consello Municipal Forestal) vai proceder a realizar a preceptiva convocatoria do Consello Forestal Municipal e a informar e por en marcha os acordos deste foro?"

Resposta: O concelleiro ÁLVAREZ BALLESTEROS di que se reuniron por outros temas coas comunidades de montes e quedaron en celebralo para mediados de marzo.

### **Pregunta sobre as obras na rúa Espírito Santo**

"O 14 de xaneiro, en xuntanza coa veciñanza da zona, os responsables da obra comprometéronse facer un proxecto para solucionar os defectos da mesma.

O 28 de xaneiro, na comparecencia do alcalde no pleno, non deu un prazo para que se presentase este proxecto á veciñanza; polo que preguntamos:

Pode aclararnos o alcalde se xestionou este tema coa empresa e se xa hai unha data en firme para presentar este proxecto á veciñanza?"

Resposta: O concelleiro GONZÁLEZ BARBEIRO di que sí se xestionou este tema e xa hai un proxecto presentado pero retrasouse para a vindeira semana por atoparse de vacacións o arquitecto.

### **Pregunta presentada polo gupo municipal do PSOE o día 24/02/2016 con número de rexistro 2437 sobre as inundación no centro da vila o día 12/02/2016**

O pasado venres 12 de febreiro de 2016 houbo inundacións no centro da vila de



Redondela, onde numerosas rúas quedaron baixo a auga, que ademais afectou a baixos, locais comerciais, garaxes e vehículos da zonas de Vilavella, Salgueira e A Xunqueira. Ademais de desprendementos en San Estevo que afectaron a varias vivendas e vehículos, así como as inundacións de numerosas leiras e desprendementos de muros ao longo do noso Concello.

O 16 de febreiro de 2016 o concelleiro de Interior, Arturo González, declarou en prensa que “por suposto se solicitará esa declaración (zona catastrófica) tras os importantísimos danos sufridos”.

A declaración de zona catastrófica pídese ao Goberno central e suporía recibir axudas para apoiar aos damnificados polas inundacións e que non sexan beneficiarios do Consorcio de Compensación de Seguros.

Tamén o 16 de febreiro de 2016 o presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, declarou en prensa que dende a Xunta de Galicia “estamos a disposición do alcalde de Redondela para aquelas persoas que non teñan seguro, para aqueles que non teñan unha cobertura dos danos sufridos nos seus bens, poidan ter un acollemento por parte da administración autonómica, da provincial e da municipal. Que poidan servir a aquelas persoas que teñan unha deficiencia sobrevenida ao non ter unha cobertura axeitada”.

Polo exposto, plantexamos a seguinte PREGUNTA ao alcalde: Iniciouse o proceso de solicitude de zona catastrófica? E, de ser así, como están os trámites?

Resposta: O concelleiro GONZÁLEZ BARBEIRO di que están en marcha os trámites e se lles informará. Farase do xeito que resulte máis áxil.

### **Rogo presentado polo grupo municipal AER sobre a información á veciñanza acerca da área metropolitana.**

En vista das numerosas reunións mantidas entre os alcaldes da comarca e máis representantes da Xunta de Galicia para avanzar e chegar a consensos de cara a aprobación dun proxecto de Área Metropolitana; sendo a Área Metropolitana un novo ente que suporá un cambio substancial nas competencias dos concellos, dos servizos xestionados por estes, así como unha redistribución das responsabilidades de cada administración. Afectando a constitución da Área Metropolitana a toda a veciñanza de Redondela no caso de adherirse a ela, e sendo xusto que a veciñanza estea debidamente informada de primeira man dos acordos que se están e van tomar e sendo fundamental escoitar as opinións, dúbidas e críticas de toda a veciñanza para ter criterios á hora de falar en nome deles na posible aprobación polo pleno de Redondela do proxecto da Área Metropolitana,

ROGAMOS que o Concello realice unha rolda de sesións explicativas, informativas e de debate do proxecto da Área Metropolitana en cada unha das parroquias de Redondela dirixidas a toda a veciñanza e entidades do Concello, contando con representación de tódolos grupos políticos, antes de que este proxecto sexa levado a votación ao pleno de Redondela.



O alcalde sinala que Redondela xa está dentro da área e agora o que se trata de presentar a modificación e comprobar o grado de apoio á mesma por parte dos Concellos. Dí que o debate vai ser inminente.

**Rogo presentado polo grupo municipal do PSOE sobre niños de avespas africanas**

“Atópanse dous niños de grande tamaño de avespas asiáticas na contorna da estrada N-550 na zona de As Cardosas, fronte á oficina do INEM.

Esta situación leva dándose dende hai bastante tempo e tanto veciños, mesmo mediante prensa, coma o grupo socialista avisaron do perigo á corporación popular do Concello de Redondela.

Rogamos ao señor alcalde que faga as xestións oportunas para que se proceda á retirada dos dous enxamios coa maior urxencia posible ante a proximidade ás vivendas.

O alcalde sinala que recibiron aviso e seguen o protocolo normal, chamando ao 112 para que os retire unha empresa especializada.

E dado o avanzado da hora, sendo as vinte e tres horas e cincuenta e cinco minutos do día indicado no encabezamento, o alcalde levanta a sesión, da que se redacta a presente acta e da que, como secretaria, dou fe.-